



Emma Ríos (Vilagarcía de Arousa, 1976) é unha das debuxantes galegas máis recoñecidas internacionalmente. Arquitecta de formación e afincada na Coruña, comezou facendo fanzines de maneira independente e no 2003 integrouse no colectivo Polaquia, onde realiza as súas primeiras publicacións. Durante seis anos compaxina o seu traballo de arquitecta co de ilustradora e debuxante de tebeos, participando en publicacións de España, Bélxica, Francia ou Serbia. No 2008 foi seleccionada para o Programa de intercambio euroasiático da ASEF, Lingua Cómica en Kyoto, cidade na que expuxo no Museo do Manga. Ese mesmo ano comeza a traballar para o mercado norteamericano, debuxando a miniserie de cómic *Hexed* para a editorial Boom! Studios, e pouco máis tarde comeza a traballar para Marvel en álbum como *Runaways*, *Strange*, *Firestar*, *Girl Comics*, *Heralds*, *The Amazing Spider-Man*, *Shadowland: Elektra* ou *Osborn*. Tamén realizou o álbum *Amadís de Gaula* para a editorial SM, e neste momento prepara para Marvel unha miniserie dos superheroes Capa e Puñal. O seu blog é <<http://steinerfrommars.blogspot.com/>>

ILUSTRACIÓN: *Tinitus*

Portada do último fanzine *Carne Líquida*, que saíu para o certame Viñetas do Atlántico de 2010